

## A CAIXA VERMELLA

Aquela noite de Samaín, alguén chamou á porta e cando a abrimos miña irmán e mais eu, atopamos un paquete. O seu interior contiña unha caixa vermella.

Despois de inspeccionala descubrimos unha panca que ao accionala caeu unha nota pequena que dicía: “mañá un home vestido de negro virá á vosa casa a entregar un artefacto cuxa función será explicada debidamente”.

Cando o home chegou, entregounola caixa sen dicir unha palabra; había un artefacto estrano, unha nota e unha chave que parecía abrir unha cúpula de cristal que protexía un botón.

Cando limos a nota descubrimos para qué servía: se pulsabas o botón, unha persoa que non coñecías de nada morrería, e a cambio entregaríanos un millón de euros.

Parecíanos unha loucura: “Un millón pola vida de alguén? Qué ía ser verdade! Seguro que é un experimento da televisión” pensamos.

“É o que queren que fagamos non? pois imos pulsalo. Ademais, seguro que non morre ninguén!”

Ao pouco rato o home chegou, deunos un maletín cun millón de euros recolleu o obxecto e díxonos: ”Ben, o millón é voso. Agora reprogramarei o artefacto e entregareillo a outra parella, pero tranquilos, non os coñeceredes”.

**RELATO GAÑADOR DO II CONCURSO DE RELATO  
CURTO LAR DE UNTA – SAMAIN 2021**